

ACTA DO TRIBUNAL CUALIFICADOR CUALIFICADOR PARA A CONTRATACIÓN TEMPORAL DO PERSOAL ADSCRITO AO SERVIZO DE LIMPEZA DE MONTES E OUTRAS TAREFAS DE VALORIZACIÓN FORESTAL (APROL RURAL 2024)

Proceso selectivo: 2 PEÓNS/PEOAS FORESTAIS

No centro Sociocultural do auditorio do Concello de Rianxo, ás 09:20 h do día 29/05/2024, reúnese o Tribunal Cualificador que avaliará as probas selectivas para a contratación de 2 peóns/peoas forestais adscritos á subvención APROL RURAL 2024 do Concello de Rianxo segundo as bases e tribunal aprobado pola Resolución da Alcaldía núm. 482/2023 do 23/05/2024 coa seguinte composición:

Presidente: Gabriel Bermúdez Piñeiro, encargado de obras municipal (V)

Vocal: M^a José Fungueiriño Tubío, AEDL municipal (I)

Vocal: M^a Aurora Rodríguez Rey, AEDL aux. municipal (II)

Vocal: Enrique Manuel López González, coordinador de actividades municipal (II)

Secretaria: Vicenta A. Campaña Martínez, auxiliar administrativa municipal (C2)

O Presidente declara constituído o Tribunal e dase conta dos antecedentes:

Primeiro: o día 23 de maio de 2024 o alcalde asinou a oferta de emprego correspondente para a súa presentación na oficina de emprego de Boiro; enviábase ese día á oficina de emprego e, no mesmo día, recíbese o resultado da dita oferta.

Segundo: entre os días 25 e 27 de maio realízanse as chamadas ás persoas aspirantes da listaxe recibida para que recollan no Servizo de Emprego as copias das bases de selección, o cronograma do proceso e o Anexo II (declaración responsable) para que presenten a través do Rexistro Municipal a documentación necesaria tanto para a xustificación do cumprimento dos requisitos mínimos como para a valoración dos méritos que desexen alegar para a fase de concurso.

Terceiro: o presidente do tribunal da conta do establecido nas bases ao respecto da fase de oposición e explica como se vai desenvolver a fase de concurso e a proba de galego.

A fase de oposición terá carácter eliminatorio e, para superala, será necesario obter cando menos a metade da puntuación máxima prevista nela.

Cuarto: ás 09:30 h, realízase o control de asistencia á proba escrita e o acceso á sala na que se vai realizar. Unha vez dentro explícaselles ás persoas aspirantes como se vai desenvolver o exame e fanse as aclaracións ao respecto do resto do proceso.

Unha vez que rematan, entrégaselles a proba de galego ás persoas que non están exentas da súa realización.

Este documento asinado por medios electrónicos pode ser cotexado co seu orixinal co Código de Verificación Dixital (CVD) que se indica á marxe na Sede Electrónica do Concello de Rianxo <https://sede.concelloderianxo.gal> (artigo 27.3.c da Lei 39/2015).

doc. 637.306 exp. 2024/E001/000005

Preséntanse 11 aspirantes e quedan excluídas as 9 persoas non presentadas.

Empeza a proba ás 09:44 horas e teñen 30 minutos para a súa realización; as persoas que teñen que facer a proba de galego contan con 15 minutos mais; rematan todos ás 10:00 horas.

Ao remate da proba o Tribunal corrixe as probas escritas e obtéñense os seguintes resultados:

NÚM.	APELIDOS E NOME	Proba Escrita	Supera	Galego
1	Alcalde Rañó, Rosa	4,00	SI	Apta
2	Cespón Muñiz, José Luís	1,00	NON	
3	Ferreirós Coto, Mario	3,60	SI	Exento
4	Fungueiriño García, Juan	1,90	NON	
5	Nieto Figueira, Yolanda María	3,60	SI	Exenta
6	Ordóñez Neira, Agustín	2,00	SI	Apto
7	Otero Resúa, Salvador	3,50	SI	Apto
8	Pouso Conde, Francisco	3,10	SI	Apto
9	Sánchez Cebreiro, Luís Ignacio	2,50	SI	Apto
10	Sóñora Castro, Gumersindo	2,80	SI	Apto
11	Vázquez Castaño, José	3,00	SI	Apto

Superan a proba 9 persoas das 11 aspirantes; quedan eliminadas do proceso as 2 restantes.

Ao remate da corrección publícase este resultado no mesmo local no que se realizou a proba, no sitio web e no taboleiro de anuncios municipal.

Ás 11:20 horas, nas inmediacións do mesmo edificio, iníciase a proba práctica. O tribunal decide establecer un tempo máximo de 2 minutos para a colocación do fío na rozadoiroa.

Rematan as probas prácticas ás 14:30 horas co seguinte resultado:

NÚM.	APELIDOS E NOME	Proba practica
1	Alcalde Rañó, Rosa	5,00
2	Ferreirós Coto, Mario	2,00
3	Nieto Figueira, Yolanda María	3,75
4	Ordóñez Neira, Agustín	3,00
5	Otero Resúa, Salvador	6,00
6	Pouso Conde, Francisco	4,25
7	Sánchez Cebreiro, Luís Ignacio	3,50
8	Sóñora Castro, Gumersindo	5,00
9	Vázquez Castaño, José	2,25

O tribunal decide suspender a sesión e reunirse novamente o día 30/05/2024, ás 08:00 horas, para facer as valoracións da documentación presentada polas persoas aspirantes así como a valoración global do proceso.

Ás 08:10 horas do día 30/05/2024 iníciase a valoración dos méritos presentados polas persoas

aspirantes.

Unha vez revisada a documentación presentada obtense o seguinte resultado da fase de concurso:

NÚ M.	APELIDOS E NOME	Artigo 14.5 convocatoria	Carné B	PRL	Igualdade	Galego	TOTAL
1	Alcalde Rañó, Rosa	0,50	1,00	0,00	0,00	0,00	1,50
2	Ferreirós Coto, Mario	0,00	1,00	0,00	0,00	0,25	1,25
3	Nieto Figueira, Yolanda María	0,50	1,00	0,00	0,00	0,25	1,75
4	Ordóñez Neira, Agustín	0,50	0,00	0,00	0,00	0,00	0,50
5	Otero Resúa, Salvador	0,60	0,00	0,00	0,00	0,00	0,60
6	Pouso Conde, Francisco	0,50	1,00	0,00	0,00	0,00	1,50
7	Sánchez Cebreiro, Luís Ignacio	0,60	1,00	1,00	0,00	0,00	2,60
8	Sóñora Castro, Gumersindo	0,25	1,00	0,00	0,00	0,00	1,25
9	Vázquez Castaño, José	0,25	0,00	1,00	0,00	0,00	1,25

Así, o resultado global do proceso, por orde descendente, é o seguinte:

NÚM.	PUNTUACIÓNS TOTAIS	OPOSICIÓN		CONCURSO	TOTAL
	APELIDOS E NOME	Proba escrita	Proba practica		
1	Alcalde Rañó, Rosa	4,00	5,00	1,50	10,50
2	Otero Resúa, Salvador	3,50	6,00	0,60	10,10
3	Nieto Figueira, Yolanda María	3,60	3,75	1,75	9,10
4	Sóñora Castro, Gumersindo	2,80	5,00	1,25	9,05
5	Pouso Conde, Francisco	3,10	4,25	1,50	8,85
6	Sánchez Cebreiro, Luís Ignacio	2,50	3,50	2,60	8,60
7	Ferreirós Coto, Mario	3,60	2,00	1,25	6,85
8	Vázquez Castaño, José	3,00	2,25	1,25	6,50
9	Ordóñez Neira, Agustín	2,00	3,00	0,50	5,50

A listaxe anterior inclúe, por orde descendente, as puntuacións totais acadadas polas persoas aspirantes.

O tribunal propón ás persoas que ocupan os dous primeiros postos, pola orde na que aparecen, para a súa contratación como peóns/peoas forestais:

NÚ M.	APELIDOS E NOME

1	Alcalde Rañó, Rosa
2	Otero Resúa, Salvador

O tribunal propón ao resto das persoas como válidas para a realización das posibles substitucións, no caso de ser necesario, e pola orde na que aparecen na táboa final de resultados.

Non habendo máis asuntos que tratar, sendo as 11:25 h, a Presidencia remata a sesión, da que se estende a presente acta, que será asinada polos membros do tribunal.